



*Cédula identificativa  
dun segador valdeorrés  
expedida pola Deputación  
Provincial de Ourense  
en 1940.*




**ANTONIO CASTRO VOCES**

Licenciado en Xeografía e Historia.

Membro de Mérito do IEV.

# TÉCNOLOXÍA TRADICIONAL



## SÉGADORES VALDEORRESÉS ÉN TERRAS DE CASTÉLA

Antonio Castro Voces

**D**ecía Lucas Labrada, a principios do século XIX, que *“Valdeorras era una tierra que pasaba más hambre que sed puesto que era más abundante la producción de vino que la del cereal”*. Nembargantes, ámbalas dúas cousas, contituían os elementos básicos nos que se sustentaba a economía familiar dos séculos XVIII, XIX e boa parte do XX desta comarca.

O cereal, nas súas tres vertientes -centeio, trigo e cebada-, xunto coas castañas eran o complemento básico da dieta alimenticia valdeorresa. O pan -trigo ou centeo- e a cebada, como forraxe ou como penso para o gando, eran

compoñentes habituais na alimentación. Baseado nos mesmos compoñentes, González García elaborou o seguinte menú básico para o século XVIII e que estaría formado por: *“Copa de aguardiente con pantrigo mezclado de centeno”*, para empezar o día. Ó medio-día *“caldo de berzas sin patatas, con carne de cerdo, chorizo o tocino; algún pescado frito en aceite sin mucho refino y alguna fruta del tiempo, si es tiempo de ella, de lo contrario frutos secos. Todo regado con vino de la tierra”*. E pola noite *“castañas cocidas casi todo el año, o un potaje de habas. Miel en las enfermedades y para fabricar los dulces de los días de fiesta”*.

Ven esto a conto, en que na esfera agrícola valdeorresa, entre outras moitas labores, sempre se lle adicou un tempo ó mundo da fouce. Segar as terras, colleitar o pan, acarretar, mallar, etc., eran traballos, que ano tras ano, se repetían e formaban parte desas labores máis habituais e cotiáns. O arte do bo manexo da fouce, da perfecta colocación dos dedís; a habilidade para cortar a palla sen ser cortado; a pericia para ben atar os *“moios”*, no menor tempo posible e sen que se desfíxesen, eran características habituais dos labregos desta terra.

Pero Valdeorras, en comparación con outras terras, producía e produce pouco cereal -sempre



**O cereal, nas súas tres vertientes - centeo, trigo e cebada-, xunto coas castañas eran o complemento básico da dieta alimenticia valdeorresa.**

fomos deficitarios de gran- e parte do mesmo estaba e está en mans dalgunhas poderosas familias polo que a fame -antes máis que agora- pendía constantemente como unha especie de “*espada de Damocles*” da cabeza daqueles labregos a pouco que as cousas viñesen mal dadas e as colleitas se resistisen un chisco.

Entón, aqueles multifacéticos xornaleiros valdeorreses, que igual tiraban de aixada todo o día que ían a unha canteira a machacar pedra ou a unha mina

profunda a sacar o mineral, alá polo medio do mes de xuño, xuntábanse en “*cuadrillas*”, con número de compoñentes variado segundo as necesidades, aínda que o habitual eran 3, 5 ou 7 membros e ben pertrechados cun saco grande ou unha maleta de madeira, en ristre, onde levaban aquilo máis necesario para a súa estancia en terras casteláns -roupa, fío e agullas, xabón, comida para a viaxe e 2 ou 3 focos de repostos-, cargados de forza e ilusión, saían rumbo a Castela, para facer a temporada



das segas -entre 40 e 50 días- e voltar, alá polos primeiros de Agosto, cunhas ben merecidas 2.000 ou 3.000 pts., no peto que viñan ó pelo para tapar algún que outro burato, para repoñer parte do vestiario habitual nos "Almacens Arias" ou dos "Castrois" do Barco ou para abastecerse de aceite, petróleo, pan e outros produtos de primeira necesidade nos almacéns "do Sr. Telesforo", tamén no Barco.

O verán estaba a piques de rematar, as festas do Cristo chamaba ás portas, eran tempos de lucir as mellores galas -que as veces era un simple pantalón de mahón e unha camisa a cuadros-, as vendimas votábanse enriba, as castañas pronto ían pingar e a matanza do

porco non estaba lonxe. Eran tempos de certa abundancia, unha economía de complemento indispensable para mellor pasar o inverno.

Pero para traer aquelas 2.000 pts., antes había que pasar "as de Caín", en terras castelans. Cheos de ilusión, xuventude e ganas de traballar, os valdeorreses saían en tres direccións: Cara á Castela profunda; cara ás áreas centrais da Comunidade de Castela-León; terras ricas no monocultivo do cereal, como a provincia de Avila e a comarca de La Moraña -Bercial de Zapardiel, Madrigal de las Altas Torres, Barromán, Horcajo de las Torres, Mamblas, Moraleja de Matababras, Rasueros e Esteban de Zapardiel; terras de marcado carácter histórico na zona de Arévalo

**O arte do bo manexo da fouce, da perfecta colocación dos dedís; a habilidade para cortar a palla sen ser cortado; a pericia para ben atar os "moios", no menor tempo posible e sen que se desfixesen, eran características habituais dos labregos desta terra.**



**Na esfera agrícola valdeorresa, entre outras moitas labores, sempre se lle adicou un tempo ó mundo da fouce. Segar as terras, colleitar o pan, acarretar, mallar, etc., eran traballos, que ano tras ano, se repetían e formaban parte desas labores máis habituais e cotiáns.**

-Montuenga, Villanueva del Aceral, Cabeza de Alambre, Constanzana, etc.-; terras plumizas e uniformes onde tan só se dominan mares de trigo; terras da provincia de Valladolid na comarca de Medina do Campo -Velascalvaro, Cervillego de la Cruz, Bobadilla del Campo, El Campillo, Rubí de Bracamonde, Ataquines, Lomoviejo, Gomeznarrros, Brahojos, etc., etc.-

A estampa que describían era impresionante: man firme, paso curto e xesto serio ían cara á

Rioxa, ás altas terras de Navarra e Logroño, asentándose principalmente en: Solorzano, Recajo, Sto. Domingo de la Calzada, Alberite, Nalda, Salinas, Alcanadre, Lodosa, Villamediana de Iregua, Arrubal, Osa, etc., etc.

Co paso dos anos, ían tamén a terras máis cercanas; case, case coma quen dí *"a un tiro de piedra"*. Ían a Astorga, á Maragatería, á Cepeda, ás Omañas, Valdevieja, Villamejil, Sueros, Valporqueros, Villameca, etc. Estaban fora pero

estaban case como en casa; o clima e a paisaxe xa lles eran máis favorables; e a comida, tamén. As temporadas eran máis curtas: entre unha e dúas semanas. Paisaxe e paisanaxe impoñían novos aspectos e os valdeorreses sentíanse máis a gusto. Con eles tamen ían as mulleres. Ían, case, en familia. En cambio a Castela e á Rioxa ían menos pois estaban máis lonxe e eran temporadas máis longas. Non era polo traballo, ¡non!. A muller valdeorresa estaba afeita a traballar como a



que máis e coa fouce na man, chegado o momento, non había castelán que a seguise ou a pillase. Ese tiña sido o seu destino dende sempre, traballar, traballar e traballar, e no que mellor sabía facelo. ¡A boa parte lle ían a quitar a palla ningunha semellante por bons pantalóns que vestise!. As mulle- res tamen foron á terra do Bolo -Albergueria, Prada, Meda, Castromarigo, Sta. Cristina, Lamalonga, Pradolongo, etc., etc.-

Os galegos e os valdeorreses sempre se distinguiron por ser

bos e grandes segadores. Eran apreciados pola súa aptitude -precisamente por elo- porque cumprían coma os primeiros -ata que remataba a temporada a terra dos seus patróns era como a súa propia-. Había unha sintonía moi particular: eles -os valdeorreses- querían acabar canto antes porque así evitaban un posible pedrisco que arruinase a colleita e o futuro dos seus patróns; e os outros -os castelans- porque contratando ós galegos tiñan a seguridade plena que non lles plantarían o traballo

**Entón, aqueles multifacéticos xornaleiros valdeorreses xuntábanse en “cuadrillas” con número de compoñentes variado segundo as necesidades, aínda que o habitual eran 3, 5 ou 7 membros e ben pertrechados cun saco grande ou unha maleta de madeira, en ristre, onde levaban aquilo máis necesario para a súa estancia en terras casteláns**



**Os galegos e os valdeorreses sempre se distinguiron por ser bos e grandes segadores. Eran apreciados pola súa aptitude porque cumprían coma os primeiros.**

ata o seu remate e, ademais, farían ben. Uns traballaban, os outros pagaban; ámbolos dous cumprían fielmente o axustado e por elo respetábanse e apreciábanse.

Atrás, perdidas no tempo, quedan aquelas vellas estampas onde segadores galegos e patróns casteláns, coa luz das estrelas, ían en cuadrilla a segar as terras por sendeiros e veredas. A xornada que lles esperaba era longa; vían a saída e a postura do sol; segaban -tal como din os casteláns- "*besana tras besana*", sempre abría o corte o maioral e tras del a segunda, a terceira...., fouce, con paso firme, sen descanso, sen darse respiro, salvo o grollo de auga quente dun botixo. Detrás os rapaces, os nenos, o "*rabicei-*

*ro*", todos áxiles e avispados que facían mollos e feixes como quen facía "*churros*", en perfecta sintonía para non deixar rastro e sempre coa mirada fixa no maioral por se os prendía.

O traballo era duro; dureza que se reflexaba nos rostros cansinos e curtidos dos segadores que de vez en cando paraban a secar o sudor da fronte con pañuelos que un día foran brancos. Calquera parada era boa, calquer pretexto axeitado para facer un alto, botar unha ollada á inmensidade que tiñan por diante e seguer rumbo fixo cara o final do surco. Non había outro remedio nin outra meta final. O obxectivo prioritario era chegar á esquina, virar outra vez, voltar a meter a cabeza no chan e ¡tira para adelante!



As paradas, as xustas. Non había tempo que perder. Xa se encargaba o maioral, con xesto autoritario, de marcar os tempos e os espazos; cada un pola súa sucada, cada rabiceiro coas súas foudes; agora tú a afiar, agora aquel a votar un trago, agora unha sentada, agora unha ollada nostálgica ó fronte e ¡así ata a noite!. Á hora de xantar, como mesa o amplo chan de Castela e no medio unha “olla” chea de garbanzos, sopa, touciño e algún recheo..., e todos, en batallón. Comida a rancho para uns soldados de luxo. De siesta, nada de

nada. Os valdeorreses eramos así e mentres os “chanceiros”, os “serranillos” ou os “extremenños” deitábanse un par de horas e levantábanse coma novos. Os nosos non, había que traballar como burros e dar a nota como tolos. O sol do mediodía dictaba sentenza sobre uns corpos que apenas se tiñan en pé pero o traballo seguía, baixo unha calor tórrida, que sen contemplacións se clavaba nos osos mentres un polvillo, que as foudes levantaban ó cortar na palla, tiznaba as caras dun negro intenso. Así, chegaba a noite.

**Atrás quedan aquelas  
vellas estampas onde  
segadores galegos e  
patróns casteláns, coa  
luz das estrelas, ían en  
cuadrilla a segar as  
terras por sendeiros e  
veredas.**





**A xornada que lles  
esperaba era longa; vían  
a saída e a postura do  
sol; segaban -tal como  
din os casteláns- “besana  
tras besana”, sempre  
abría o corte o maioral e  
tras del a segunda, a  
terceira...., fouce, con  
paso firme, sen descanso,  
sen darse respiro, salvo  
o grollo de auga quente  
dun botixo.**

Outra cousa eran as comidas e as duras xornadas diarias pero para ámbalas dúas había unha explicación lóxica. Polo regular comían mal pero os patróns non comían mellor. Non había outra cousa e había que conformarse co que había. Tamén en Valdeorras se comía mal e ninguén rechistaba porque non había outra cousa. Xeralmente patróns e segadores comían o que había, sen grandes distincións.

Cousa ben distinta foron as excepcións, que sempre as houbo, hai e habera e que ade-

máis son inevitables. E así houbo algún terrateniente desalmado, que nadaba na abundancia, pero que era máis amarrado ca un “*chotis*” e que daba moi mal de xantar. Pero tamén pasaba á viceversa, é dicir, algúns segadores que co seu comportamento pouco solidario e un tanto trapalleiro deixaron moito que desexar, empañando, en parte, a boa imaxe que merecidamente e a pulso, gañaron os demais.

O ano pasado, o 14 e 15 de xullo, 278 segadores valdeorreses voltaron a Castela. Foi unha

viaxe de reencontro, de volver a rememorar tempos pasados. Con esta viaxe, abulenses e galegos, quixemos conxugar e unir as verdes terras valdeorresas coas monótonas e agrestes parameras casteláns. E así, entre "airas" cheas de gran, a paisaxe ampla e sobria castelán, rota tan só polas liñas que marcan o trazado parcelario das terras que nos rodean. Naquela inmensidade de campos secos e ásperos delimitados -tal como apuntaba D. Bruno Coca, alcalde de Bercial de Zapardiel- "tan solo por una linea en el

*horizonte que establece la estrecha relación entre el hombre y la tierra, entre castellanos y gallegos. Aquí, en estas llanuras siempre sedientas y de ardientes suelos, se curtiéron en el trabajo al aire y al sol sacrificados hombres gallegos y también campesinos y jornaleros castellanos, Aquí se luchó contra las inclemencias del tiempo, en jornadas de sol a sol, siempre con la mirada serena, fiel reflejo de una España tradicional a la que los nuevos tiempos han obligado a cambiar".* Alí vivimos

unha xornada para todos nos inesquecible. Foi o reencontro cun pasado non moi lonxano. Foi recuperar parte da nosa memoria histórica.

**Calquera parada era boa, calquer pretexto axeitado para facer un alto, botar unha ollada á inmensidade que tiñan por diante e seguir rumbo fixo cara ó final do surco.**



Este ano, os días 31 de agosto e 1 de setembro, os “amos” casteláns –os patróns– visitaron a comarca de Valdeorras. Viñeron coñecer as terras das que tanto lles tiñan falado os nosos –xa se sabe, por aquilo da morriña e de que non hai terra coma dun– e das que procedían aqueles esforzados segadores que ano tras ano ían segarllelas terras do pan.

Tanto esta viaxe coma a do ano pasado, alcumadas xenericamente como “viaxes do reencontro”, posto que ese era o fin perseguido, propiciar o reencontro entre vellos amigos e coñecidos, patróns e obreiros, galegos e casteláns, compañeiros de fatigas, nunha palabra, que xuntos volvían a lembrar tempos pasados, revivir datas inesquecibles, a reencontrarse tras moitos anos de esquecemento.

Como moi ben dixo D. Alfredo García, alcalde de O Barco, na súa mensaxe de benvida:

*“Voltamos, da mesma maneira que o fixeron fai anos pero non coa orella “gacha”, a fouce na man, os dedís en ristre, e a ollada perdida na inmensidade das parameras casteláns. Voltamos para reencontrarnos con vós, para reencontrarnos coa paisaxe e o paisanaxe. Voltamos para rememorar tempos afortunadamente xa pasados, para recordar vivencias, para rebobinar recordos pero dende unha posición de igualdade, que é a mellor e máis grande das condicións que pode e debe disfrutar o ser humano.*

*Hoxe, aquí e agora, todos somos amigos e de profesión “labregos”, compañeiros de fatigas. Aquí non hai ni patróns, nin obreiros; todos somos iguais e amigos e, afortunadamente, todos nos miramos á cara, ós ollos, rememorando vellas andanzas e tempos pasados do que fomos tan vítimas: nosoutros –que tivemos que abandonar as nosas terras para vir a gañar uns bos “cartiños” que nos axudasen a mellor pasar o duro inverno; e vos, porque para vos a vida tampouco foi doada e con nos compartistes pan e miseria; sudor e algunha bagoa, porque a vida naqueles anos non daba para máis.*

*Neste día de reencontro, no que afloran na nosa memoria tantas e tan entrañables imaxes e recordos do pasado quixera, no nome de toda a delegación valdeorresa, felicitarvos a todos, pero moi especialmente a vos –sufridos segadores– pola magnífica lección de historia viva que nos estades a transmitir”.*

Leccións de historia viva, momentos entrañables, reencontros dominados pola emoción... Ámbalas dúas viaxes formaban parte dun proxecto global que, co fin de recuperar a memoria histórica, elaboramos o técnico en medios audiovisuais e realizador de televisión Julio Nogueira Campos, o fotógrafo Jose Luis Nogueira –Nogue– e eu mesmo, e que baixo o título de “Recuperar

a Memoria Histórica dos Segadores Valdeorreses que ían a Castela”, abrangue, basicamente, os seguintes aspectos:

- Elaboración dun documental titulado “Segadores valdeorreses en Castela” de 45 ou 50 minutos de duración coas segas en Castela como argumento; un recordo histórico-social do traballo dos segadores valdeorreses como corrente migratoria descoñecida.

- Edición dun libro titulado “Segadores en Castela; escravos de sol a sol” e baseado nas experiencias vitais daqueles esforzados xornaleiros, que pasaron mil e unha peripecias naquel seu lexítimo afán por conseguir un complemento económico que lles axudase a mellor sobrevivir.

- Montaxe dunha exposición de fotografía titulada “As terras de Valdeorras, La Moraña, Arévalo e Medina unidas polas segas e os segadores”; baseada en fotos antigas e recentes sobre as peculiaridades propias e máis definitivas tanto da Comarca de Valdeorras como da Moraña, Arévalo e Medina do Campo. Exposición que estivo aberta ó público en ámbalas dúas comarcas no verán pasado.

- Organización dunha viaxe chamada do “Reencontro” coa participación de todos aqueles valdeorreses que quixeran ir ata aqueles pobos onde estiveron segando para propiciar un “reencontro” entre patróns e obreiros, rememorando vellas vivencias. Viaxe de ida e volta, nesta ocasión con visita á comarca de



Valdeorras e os seus lugares máis emblemáticos.

Dos catro apartados dos que constaba o proxecto inicial xa se cumpriron todos. O derradeiro foi a presentación en sociedade do documental e o libro titulados “Segadores en Castela; escravos de sol a sol”, feito que tivo lugar recentemente. Nos mesmos, tanto no documental coma no libro, recollense os obxetivos marcados na súa orixe –o tema das segas– e trátase de darlle resposta ás preguntas que ó respecto poidan xurdir. No documental, dunha forma visual e, no libro, mediante a letra impresa

Documental e libro, concebidos e feitos de forma conxunta, de

maneira que se mixturán e complementan, están estruturados en catorce capítulos que obedecen á seguinte distribución:

No capítulo *primeiro* analizamos a situación económica –fontes de riqueza, poboación, traballo, etc.– da comarca na primeira metade do XX; no *segundo* apúntase como as segas a Castela poden ser unha solución para superar esa falta de recursos; ¿Quen ía ás segas? pregunta á que intentamos contestar no capítulo *terceiro*; mentres no *cuarto* analízase ¿A onde ían? dentro do amplo espectro da España cerealista; no capítulo *quinto* inténtase respostar á pregunta ¿Como e cando ían?; no capítulo *sexto* estúdiáanse as cua-

**O ano pasado, o 14 e 15 de xullo, 278 segadores valdeorreses voltaron a Castela. Foi unha viaxe de reencontro, de volver a rememorar tempos pasados. Con esta viaxe, abulenses e galegos, quixemos conxugar e unir as verdes terras valdeorresas coas monótonas e agrestes parameras casteláns. Ali vivimos unha xornada para todos nos inesquecible. Foi o reencontro cun pasado non moi lonxano. Foi recuperar parte da nosa memoria histórica.**

drillas desde o punto de vista da súa organización -maioral, foudes, atadores-, o seu comportamento, o seu salario, etc.; os contratos e as súas formas -axuste e xornal- forman parte da temática tratada no capítulo *séptimo*.

No capítulo *octavo* fáise un superficial repaso ós conflitos ou desacordos máis habituais entre patróns e obreiros; no capítulo *noveno*, as comidas, o sempre discutido e controvertido tema das comidas, se era pouca, se era moita, se se pasaba fame, se non, cal era o menú habitual nas distintas zonas de sega; no *décimo* analizamos, brevemente, como se desenvolvía unha xornada de traballo desde que "*rompía o día ata a noite*"; no capítulo *undécimo* recolleemos un amplo relatorio de anécdotas e cousas curiosas que ocorreron nas terras castelás e que tiveron como protagonistas a segadores e patróns; no *duodécimo* vemos un dos elementos máis determinantes do desenvolvemento das segas cal era o regreso á casa e o afán desmedido por volver os primeiros; no *trixésimo* describimos como se desenvolveu a "*viaxe do recontro*" que tivo lugar o 14 e 15 de xullo do ano 2.001, e onde máis de 270 segadores valdeorreses voltaron pisar terras castelás pero cunha lixeira diferenza, non o facían coma sempre, coma traballadores, senon coma heroes, coma triunfadores, para reencontrarse coa paisaxe e a paisanaxe.

No derradeiro capítulo, o *cua-draxésimo*, recolleemos o testemuño dalgunhas mulleres do pobo de Rubiá que vían como os seus maridos ían ás segas e, por un tempo, quedaban soas á fronte da casa. Unhas conclusións finais e o correspondente capítulo da bibliografía poñen punto final a un libro e un documental que pretende reflectir como e cal era a realidade daquelas xentes e daquelas terras na ardente e calurosa Castela da primeira metade do XX para facilitar un mellor coñecemento deste fenómeno migratorio que tanta importancia terá na nosa máis recente historia tanto social como económica.

Libro e documental; documental e libro, que tanto monta... foron presentados ó público recentemente na Casa de Cultura do concello de Rubiá, un dos pobos que máis continxente de seitureiros aportou ós duros traballos en terras castelás. Os seus testemuños e conclusións irán a parar ás mans daqueles sufridos traballadores -vaiselle agasallar cun exemplar a cada un deles-, verdadeiros protagonistas tanto do libro como do documental, que nes co seu exemplo e abnegación demostrada nas duras xornadas de traballo en terras de Castela escribiron con grafía de ouro unha das páxinas máis entrañables e apaixonantes da historia desta terra.





**As paradas, as xustas. Non había tempo que perder. Xa se encargaba o maioral, con xesto autoritario, de marcar os tempos e os espazos; cada un pola súa sucada, cada rabiceiro coas súas foces**